

REPRESENTACIÓNS DE ARMAS NO INTERIOR DE GALICIA (COMARCA DE DEZA, PONTEVEDRA). UNHA REFLEXIÓN SOBRE A DISTRIBUCIÓN E CRONOLOXÍA DESTES MOTIVOS.

Fábregas Valcarce, R.; Rodríguez Rellán, C. e Rodríguez Álvarez, E.¹

Palabras Clave: petroglifos, armas, alabardas, puñais, escutiformes.

Keywords: petroglyphs, weapons, halberds, daggers, scutiforms.

Abstract: The increase of petroglyphs with weapons in the Deza area, turns this part of the Galician inland into a core of rock art with its own entity. The discovery of these new stations, together with the finds recorded in other points of our community in the last years, makes necessary a reflection on the distribution and chronology of this type of motives in the Northwest, and underlines the limited knowledge that we have presently about this artistic phenomenon.

Hai xa case unha década dende que se iniciou por parte do GEPN o proxecto de investigación *“Estratexias para a protección do patrimonio arqueolóxico inmóbel: o caso do megalitismo na comarca do Deza (Pontevedra)”*², o cal tiña como obxectivo primordial a revisión do catálogo dos xacementos megalíticos existentes nos diversos concellos pertencentes a esta comarca do interior galego co fin de obter unha visión actualizada do fenómeno megalítico, do estado dos túmulos e os principais procesos e axentes de destrución que lles afectan, para así deseñar e implementar un plan de protección efectivo.

Os resultados foron bastante amplos, pois permitiron a localización dun total de 147 novos túmulos e 6 dispersións de materiais vinculadas ó Calcolítico e Bronce, algunha das cales, caso do Alto de San Miguel (Ramil, Agolada) ou Os Sagueiros-Auga Levada (Río, Rodeiro), coa suficiente entidade como para ser considerados como posibles zonas de hábitat (Fábregas et al., 2004:46). Sen embargo, un dos campos que máis novidades aportou foi o referido ás estacións rupestres que, pese a non ser obxectivo das actuacións, se incrementaron de 28 no ano 2002 a 85³ no momento actual (Fábregas et al., 2005:255), incluíndo as aportacións achegadas polos afeccionados locais, autores do achado de dúas das estacións que se presentan neste artigo, Coto das Laxas e Coto da Aspra⁴.

Entre estas estacións contamos con conxuntos dunha gran complexidade, especialmente aqueles con representacións de armas, dos que con anterioridade tan só se coñecía na zona un exemplo: Primadorno I (Breixa, Silleda) (Sobriño e Martínez, 1957). A este se lle sumaron nos últimos anos catro novas rochas, o que permitiu a documentación de motivos ate o de agora inéditos tan lonxe do litoral atlántico, caso dos escutiformes, ou ben a multiplicación de aqueles dos que apenas existían un par de exemplares, como ocorría cos puñais e as alabardas.

Con estas novas incorporacións xa se pode falar dunha apreciable concentración na zona de paneis con armas que, xunto co crecente número de petroglifos que se están a descubrir, converten á comarca de Deza nun núcleo por dereito propio da arte rupestre galaica ó tempo que fan necesaria unha certa reflexión sobre a natureza, distribución e cronoloxía deste tipo de gravados.

1 GEPN, Departamento de Historia I, Facultade de Xeografía e Historia. USC. ramon.fabregas@usc.es, carlos.rellan@usc.es, emilio.rodiguez.alvarez@gmail.com.

2 Financiado con cargo ó Programa de Patrimonio Cultural e Desenvolvemento Tecnolóxico do Plan Galego de IDT, da Secretaría Xeral de Investigación e Desenvolvemento e máis a Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo da Xunta de Galicia.

3 Ás cales deberían sumárselle unha media ducia máis de estacións que, aínda que documentadas, non están recollidas no catálogo da DXPC da Xunta de Galicia.

4 Localizadas respectivamente por D. Antonio Presas e por D. Gumersindo Peña Valdés, a quen lles agradecemos as informacións sobre a súa existencia. A nosa gratitude vai tamén para D. Xulio Carballo Arceo e D. X.I. Vilaseco Vázquez, pola axuda e informacións proporcionadas así como a Lino Gorgoso pola súa colaboración no calcado de Coto da Aspra.

A ESTACIÓN DE COTO DAS LAXAS.

A estación de Coto das Laxas atópase na parroquia de Asperelo (Rodeiro). Trátase dun afloramento de granito de mala calidade, textura porfídica e gran groso, circunstancia que afectou considerablemente ó seu estado de conservación ó facilitar a erosión, a cal incidiu profundamente na superficie dificultando a súa observación. Os gravados sitúanse na parte vertical da pedra, orientada cara o SL, na dirección da pendente. No panel, que se atopa dividido en dous por unha diaclasa, se puideron identificar un puñal de grandes dimensións e un total de 14 alabardas (Figura 1). Trátase pois do petroglifo co maior número de representacións desta natureza coñecido ate o de agora, superando ás seis de Auga da Laxe I (Gondomar, Pontevedra).

As alabardas aparecen representadas exclusivamente coa folla orientada cara a esquerda e, na súa maioría, presentan marcada a nervadura a cal chega a ser dobre en dous exemplares. A súa distribución sobre a rocha é marcadamente vertical, seguindo unha formación regular e incluso ordenada. O feito de que se representen maioritariamente enfestas tende a interpretarse cun afán de ostentación ou incluso ameaza (Vázquez Varela, 2000:17) e é unha característica común de boa parte dos paneis deste tipo (Peña e Rey, 2001:187). Tamén se documentaron tres exemplares situados en perpendicular con respecto á disposición xeral do resto de armas, o que posiblemente simbolice a súa deposición ritual ou ben que fosen representadas en posición de ataque.

Ademais das mencionadas alabardas, cabe destacar a presenza na parte central do panel dun puñal ou espada de grandes dimensións cuxa folla ten marcada a nervadura. O puñal preséntase en vertical e coa folla apuntado cara arriba, na mesma actitude de ostentación compartida pola maioría das alabardas. A presenza do puñal semella propiciar unha peculiar solución ao encabamento dunha das alabardas, o cal se revira para evitar sobrepoñerse a aquel. Esta circunstancia nos permite evidenciar a existencia dunha diacronía dos motivos pola cal semella que a alabarda foi gravada a posteriori do puñal, amoldando o seu enmangue ó espazo dispoñible no panel.

No extremo dereito do panel atopamos un motivo cadrangular alongado en cuxa parte superior se documentan dúas liñas transversais. Se trata probablemente da representación dun idoliforme semellante ós existentes na Pedra das Ferraduras (Cotobade, Pontevedra) e probablemente en As Laxiñas (Carnota, A Coruña) (Cernadas, 2007:188) e que se enmarca dentro do grupo dos ídolos con colares ou tatuaxe facial de tradición megalítica. Neste senso resulta interesante que o único elemento cunha significación ou simbolismo aparentemente distintos sexa representado lixeiramente afastado, como se se quixese individualizalo do resto dos motivos.

Pola súa parte, no sector esquerdo do panel se documentaron unha serie de sucos que puideron configurar algún motivo parcialmente desaparecido na actualidade debido á erosión. De feito, entre estes se atopa un dobre trazo paralelo rematado en punta con un terceiro no seu interior, que en conxunto poderían interpretarse como un puñal de grandes dimensións, aínda que non sexa posible aseguralo por mor do seu estado de conservación. O mesmo ocorre con un motivo situado no extremo esquerdo, composto por unha liña que presenta unha inflexión ou cóbado na súa parte superior e un engadido á súa esquerda que recorda vagamente ós apéndices laterais dos “escutiformes” gravados en Pedra Ancha (Dumbría, A Coruña), dos que xa existen exemplares semellantes en Deza. A súa vez, na parte central do panel existen unha serie de liñas sen identificar, entre elas outro motivo cadrangular en forma de “G”, semellante ó documentado en Laxe da Chan (Cangas, Pontevedra) se ben non sabemos con exactitude se o deste último é de cronoloxía prehistórica.

De considerarse a posibilidade da existencia na rocha do escutiforme nos atoparíamos ante un panel dos denominados “rocha-panoplia” (Peña e Rey, 2001:177) no cal o groso dos elementos nidiamente armamentísticos (alabardas e puñais) estarían flanqueados por aqueles de natureza máis “ambigua” (idoliforme e escutiforme). Coto das Laxas compartiría con outras rochas deste tipo como Pedra Ancha ou Auga da Laxe I unha inclinación case vertical do panel, correspondéndose todas elas ó “Tipo A” da clasificación proposta por Vázquez Varela (2000:11), caracterizado precisamente por paneis cun forte gradiente e gran número de gravados que configuran unha composición ordenada que da a impresión de ter sido concibida nun mesmo momento.




FIGURA 1. Calco de Coto das Laxas

OUTROS PANEIS CON ARMAS NA COMARCA DE DEZA.

Ademais de Coto das Laxas e Primadorno, a lista de rochas con armas se incrementou durante os primeiros anos deste século coa descuberta de tres rochas máis. Estes achados se produciron en lugares moi próximos entre sí, no núcleo de Coto Cornellal (Axiaz, Agolada)⁵. Nesta área, dunha superficie inferior a 1 km², se documentaron 12 túmulos megalíticos e máis de 25 estacións rupestres (Fábregas et al., 2005:257), algunhas delas con armas representadas –como Coto da Aspra, P20 e P21– e outras de gran complexidade como P11 (apenas separada unha decena de metros de P20 e P21 e de varios túmulos megalíticos), con máis de 50 combinacións circulares na súa superficie, incluídas espirais.

O primeiro destes petroglifos, P20, atópase nun panel cunha inclinación fortemente vertical situado no extremo occidental do mesmo afloramento granítico que serve de base para P11. Nel atópanse dúas figuras do tipo que se denomina xenericamente como escutiforme (Figura 2), un deles é máis sinxelo e atópase moi erosionado mentres que o outro, de maior complexidade, ten o suco máis claro; estes motivos recordan respectivamente ós documentados en Auga da Laxe e Mogüelos (Cangas de Morrazo).

P21, pola súa parte, é unha rocha totalmente plana e de pequenas dimensións ós pés dun gran afloramento granítico situado uns 10 metros ó Norte do batolito no que se sitúan P11 e P20. Nesta rocha se atoparon, separados por varias diaclasas, un puñal e un motivo de difícil interpretación (Figura 3). O puñal, coa empuñadura claramente individualizada, presenta unha factura relativamente “tosca” que non ten paralelo en ningunha das representacións coñecidas ate o momento en Deza; este habería que buscalo nun puñal documentado nunha rocha anexa ó panel con armas de Poza da Lagoa (Trasmañó, Redondela). No que se refire ó segundo motivo, trátase dunha figura de forma oblonga gravada en baixorrelevo e composta por dous corpos principais unidos entre si por varios sucos. Este tipo de figura volve a repetirse na outra rocha con puñais da zona: Coto da Aspra, se ben nesta última é máis estreito e alongado (Figura 5). descoñecemos a existencia de algún paralelo no catálogo rupestre galego e a súa lectura se nos escapa (¿tratarase quizais da representación dun escudo?) pero pode afirmarse con seguridade que non se trata dun elemento de factura moderna, dado o nivel de erosión dos sucos.

O terceiro petroglifo de armas na zona é o de Coto da Aspra, a uns 700 m. ó SL de P20 e P21. Trátase dunha rocha de grandes dimensións situada nas estribacións meridionais de Coto Cornellal, nun punto no que a pendente descende bruscamente uns vinte metros. O panel presenta unha inclinación que vai incrementándose dende a súa zona superior, practicamente plana, ate á inferior totalmente vertical. Pola cantidade, variedade e características dos motivos gravados no seu interior, podemos afirmar que Coto da Aspra é o panel con armas máis complexo do interior galego, coa salvedade tan só de O Castriño de Conxo (Santiago de Compostela).

Nesta rocha se documentaron máis dunha ducia de armas amén de outra serie de motivos de difícil interpretación que aparecen dispostos desordenadamente en torno a un conxunto abigarrado de sucos (Figura 4). No que respecta ás armas, se contan un total de sete alabardas coas follas orientadas indistintamente á dereita e esquerda; estas presentan marcada a nervadura así como grupos anexos de tres e catro coviñas que poderían estar representando os remaches de suxeición⁶. Tamén se atopan unha serie de “follas illadas” cuxo suco, ancho e cos bordes vivos, evidencia unha factura de cronoloxía recente; interpretación que podería verse apoiada polo feito de que estes se ubiquen maioritariamente na parte horizontal do panel, a diferenza do resto dos motivos. Dita circunstancia ofrece un interesante e pouco habitual exemplo de emulación que xa temos comentado en outros petroglifos da zona (Rodríguez et al., 2008: 42.). Motivos idénticos e tamén de cronoloxía recente os atopamos en Foxa da Vella (Leiro, Rianxo) (Figura 5) onde conviven con varias alabardas e puñais así como con outros gravados modernos como cruciformes, estrelas ou un quiromorfo.

5 Precisamente dita área foi o escenario, no marco do proxecto anteriormente citado, dunha prospección de carácter máis intensivo.

6 A totalidade dos exemplares metálicos descubertos no NO (Comendador, 1998) presenta un sistema de suxeición baseado na existencia de tres remaches. A presenza, en algún dos modelos gravados nesta rocha, de catro coviñas en vez de tres pode deberse a unha licenza do artista ou quizais ó feito de que este non coñecía en detalle a natureza do emgange deste tipo de armas.




FIGURA 2. Calco de Pzo de Coto Cornellal.




FIGURA 3. Calco de P21 de Coto Cornella.



FIGURA 4. Calco de Coto da Aspra.




FIGURA 5. Motivos non identificados de P21 e Coto da Aspra / Folla illada de cronoloxía moderna (en gris) de Foxa da Vella (Leiro, Rianxo) / Posibles representacións de punta de arma arroxadiza de Coto da Aspra.

Ademais das alabardas tamén están presentes no panel un total de 7 puñais claros e 2 máis dubidosos, ós que habería que sumar un exemplar situado nunha rocha anexa (Figura 4). Os exemplares presentan distintas morfoloxías, sendo maioritarios aqueles con un pomo circular individualizado do resto da folia por senllas escotaduras laterais e, adicionalmente, por un suco transversal. Este é un modelo moi estendido ó longo da arte rupestre galega, podendo atoparse en estacións como Primadorno, Auga da Laxe (Vincios, Gondomar), O Ramallal XII (Campo Lameiro) ou, máis recentemente en Rego Lamoso e As Laxiñas (Mallou, Carnota). Estes puñais se corresponderían co Tipo 2 da clasificación proposta por Vázquez Rozas (1997:108) quen considera que se trata de figuras de natureza máis esquemática como indicaría o feito de que, en teoría, apenas convivirían con zoomorfos do tipo naturalista ou tamén que teñan unha maior presenza na parte Sur da provincia de Pontevedra e nas Rías Baixas, zona na que xa fora proposto un maior esquematismo dos gravados rupestres, debido quizais á interacción con outros fenómenos artísticos presentes no Norte de Portugal (Bradley e Fábregas, 1999).

Estes novos achados, sen embargo, se localizan fora do estrito marco da área costeira meridional, caso respectivamente da propia Coto da Aspra ou das rochas atopadas en Carnota. Ademais, as novas evidencias amosan que a separación entre estes motivos e os zoomorfos de tipo naturalista é ata certo punto artificial, dado que en algún dos petroglifos referidos sí se documenta dita convivencia, ó igual que ocorre en Foxa da Vella, onde non só cohabitan puñais e zoomorfos senón tamén ambos tipos de puñais identificados por Vázquez Rozas, os máis esquemáticos e os máis naturalistas, como ocorre a súa vez en Coto da Aspra. Tamén debemos destacar a presenza nesta estación de senllos motivos menos esquemáticos, cunha morfoloxía diferente á do resto de puñais gravados que, polo feito de ser representados cunha empuñadura ou espigo inusualmente estreito en relación ó corpo, unido ó seu menor tamaño e ó feito de que aparezan en parella, nos fai pensar en que se pretendera deseñar non tanto puñais como quizais algún tipo de puntas de proxectil (Figura 5).

Finalmente tamén destaca nesta rocha a presenza dunha combinación circular, sen coviña central. Este tipo de motivos ten sido identificado, caso de Primadorno I, como posibles representacións de escudos circulares; sen embargo, a dificultade de determinar tal punto e a indiferenciación entre estes e moitas das combinacións circulares existentes en rochas veciñas fai que tomemos esta afirmación con certa prudencia.

Existen notables diferencias entre os paneis da zona tanto polo tipo e inclinación dos soportes que ocupan como respecto da súa complexidade e organización interna. No que se refire á inclinación dos paneis (Figura 6), podemos observar como as representacións se realizan tanto en rochas case verticais, caso de Coto das Laxas, como en outras totalmente horizontais como ocorre con P21, pasando por aqueles cunha inclinación importante, tipo Coto da Aspra e P20. Nas novas estacións consideradas semella claro que existe unha vinculación entre rochas panoplia e escutiformes e os paneis de maior verticalidade (Figura 6), feito xa apuntado para outras zonas de Galicia (Peña e Rey, 2001:187). Tamén entre os novos petroglifos parece reforzarse a tendencia de que os puñais que non aparecen acompañados de outras armas se ubiquen en paneis cunha escasa inclinación, caso de P21 ou Beira da Costa IV (Porto do Son), entre outras.

FIGURA 6. Táboas de inclinación dos paneis con armas a partir de Peña e Rey (2001) incluíndo as novas estacións (2008).

INCLINACIÓN MEDIA DAS ESTACIÓNS CON ARMAS (PEÑA E REY 2001)				
MOTIVOS	2001		2008	
	Nº	° Inclinación	Nº	° Inclinación
PUÑAIS	4	5°	5	12°
ALABARDAS	4	17°	0	---
ESCUTIFORMES	1	44°	1	33°
PUÑAIS+ALABARDAS	2	18°	1	28°
PUÑAIS+ALABARDAS+ESCUTIFORMES	3	27°	1	52°

En canto á orde interna das figuras podemos falar, en aqueles paneis de maior complexidade, de grandes diverxencias. Coto das Laxas presenta unha clara ordenación interna: os motivos foron maioritariamente representados en paralelo exceptuando tan só o caso das tres alabardas dispostas horizontalmente e que semellan remarcar o límite superior do panel vertical e, con el, da zona gravada. Ademais, todas as alabardas aparecen coa folla orientada cara a dereita. Este tipo de ordenación, aínda que menos marcada, é posible observala tamén en Primadorno I onde boa parte das armas aparecen en paralelo e coa mesma orientación. En contraposición a esta disposición máis ordenada, en Coto da Aspra semella haber certa anarquía organizativa pola cal, ó arredor dun sector central configurado por senllas alabardas, entre as cales existe unha gran cantidade de sucros, se irían espallando varios conxuntos de figuras. Asímesmo, tamén existe unha maior variabilidade en canto á orientación das armas: as alabardas teñen a folla orientada indistintamente a dereita ou esquerda e, no caso dos puñais, tanto cara á parte superior como á inferior (se ben os primeiros o fan maioritariamente no sector occidental do panel mentres os segundos o fan no oriental).

Como apuntabamos anteriormente, as distintas estacións se amoldan bastante ben á clasificación proposta por Vázquez Varela (2000:11). Así o “Grupo A” e, dentro deste o primeiro subgrupo (paneis complexos con superficies inclinadas e unha composición articulada dos motivos) estaría representado por Coto das Laxas; Coto da Aspra formaría parte, a súa vez, do segundo subgrupo (similar ó anterior pero con unha maior desorde interna dos motivos). Finalmente P21 se integra no denominado “Grupo B” (paneis de menor complexidade e con superficies planas).

Unha terceira diferenciación viría dada polo propio xeito de representar os motivos, un claro exemplo o atopamos nas alabardas. Mentres os exemplares de Coto das Laxas son deseñados indistintamente con ou sen nervadura, en Coto da Aspra e Primadorno todas presentan nervadura central. Por outra parte, só na primeira e na última destas estacións se documentaron exemplares de dobre nervadura ou biselados. Tamén a existencia de remaches é un elemento diferenciador entre estacións, estando ausentes en Coto das Laxas e presentes en Coto da Aspra e Primadorno.

DISTRIBUCIÓN ESPACIAL DAS ROCHAS CON ARMAS.

Resulta curioso como a totalidade das novas rochas documentadas se distribúe ó longo da metade oriental do val do Río Arnego, en concreto nas dorsais de estribación que, dende a Serra do Faro e do Farelo, se prolongan en dirección L-O rematando no curso do citado río. En anteriores traballos (Rodríguez et al., 2008) xa espuxemos a importancia que como lugares de tránsito e habitación deberon ter estas dorsais en tempos prehistóricos, a xulgar pola concentración dos túmulos megalíticos e posibles zonas de hábitat no alto das mesmas.

Xa entón apuntabamos que as concentracións de petroglifos tendían a localizarse nos extremos occidental e/ou oriental de ditas dorsais; feito que, se ben se repite en varias destas formacións, é especialmente evidente na dorsal que vai dende Amarante (Antas de Ulla) ate Gurgueiro (Agolada). Nesta se localizan os conxuntos megalíticos e rupestres de Coto Cornellal e de Campo da Uz, ambos cunha importantísima densidade de xacementos e dominando lugares estratéxicos de paso, ben para cruzar a Serra do Farelo ou ben para vadear o Río Arnego.

Coto das Laxas tamén cumpre parte destas características, pois se sitúa no extremo Leste da máis meridional das dorsais que atravesa o Val do Arnego, exercendo un dominio estratéxico da valgada do Río Lamarzas (un lugar de fácil ascenso cara ás alturas do Faro) e do val do mesmo nome, onde vai dar unha das principais vías de paso a través dos altos da Serra do Faro: a portela de Liñas, de cuxa importancia en tempos prehistóricos fala o feito da existencia dunha necrópole megalítica con varios túmulos asentada en pleno porto (Figura 7).

Aquelas rochas de maior complexidade, caso de Coto das Laxas, Coto da Aspra e Primadorno, comparten unha ubicación fisiográfica moi semellante. Todas elas se sitúan nas alturas medias das ladeiras de dorsais dende as que se domina visualmente unha valgada de descenso cara un val de certa entidade. Como o val e valgada do Lamarzas, no caso de Coto das Laxas, ou a valgada (ocupada por un río actualmente seco) que descende dende a Cima do Fondelo cara o pequeno val onde conflúen os ríos Turubelo e Arnego e onde existe un lugar natural de vao. Primadorno, pola súa parte, emprázase na ladeira media dunha pequena dorsal que vai en dirección N-S, rematando polo Norte no Río Ulla, cuxo leito flúe moi




FIGURA 7. Mapa de distribución dos gravados de armas na comarca de Deza e en Galicia.

encaixado neste lugar. Dende Primadorno se domina o val de Saidres, de certa importancia por tratarse dun dos poucos lugares da zona no que existe certa facilidade para vadear o Ulla.

Os únicos que non comparten esa ubicación son precisamente aqueles paneis máis sinxelos: P20 e P21, os cales se atopan inseridos nun dos chanzos da dorsal Amarante-Gurgueiro, ocupado por varias mámoas e petroglifos. E aínda que estes últimos se atopan nunha zona de suave descenso cara o Val de Axiaz, foron gravados de costas ó mesmo, mirando cara a necrópole megalítica. Outra das peculiaridades destas dúas estacións é que non gozan dunha gran visibilidade sobre o contorno ó verse esta interrompida pola presenza de numerosos batolitos graníticos. A pesar desa ubicación diferencial, P20, P21 e Coto da Aspra comparten un mesmo papel no que respecta a súa relación co conxunto de Coto Cornellal. E é que se temos en conta a súa distribución, as rochas con armas funcionan en certo sentido como as coviñas, ocupando as zonas periféricas con respecto ós túmulos e as combinacións circulares.

As representacións de armas se situarían pois, como xa teñen apuntado varios especialistas, nas zonas de transición entre o alto da serra e os fondos de val. Cremos, non obstante, que o cada vez maior número de evidencias de hábitats no contorno dos túmulos e a súa convivencia cronolóxica, en outras zonas de Galicia, coa ocupación dos fondos de val e das chairas costeiras fai necesario superar a concepción dualista dos petroglifos como elemento liminar entre o “ager” e o “saltus” para convertelo simplemente nun elemento articulador entre dous medios explotados de xeito diferencial por uns grupos humanos cunha economía produtora cada vez máis diversificada. Neste senso cabe subliñar unha certa relación entre as maiores densidades de petroglifos –nomeadamente zoomorfos– e aqueles lugares con máis diversidade de biotopos susceptibles de ser aproveitados (Bradley et al.1994: 377-378).

Os achados realizados en Deza matizan a hipótese establecida por Vázquez Rozas para o Sur de Pontevedra de que as alabardas de cada comarca se sitúan moi próximas entre si e nun só punto (Vázquez Rozas,1997:111). Se ben no Deza tres das estacións con armas están moi próximas entre si, as rochas con alabardas se localizan nos extremos O, NL e SL da Comarca.

Determinados estudos teñen defendido unha distribución diferencial entre armas e o resto dos motivos da arte rupestre, como as combinacións circulares ou os zoomorfos. Sen embargo, a teor dos datos que actualmente posuímos (Figura 7) e respectando as peculiaridades locais, non existen diferencias salientables a nivel galego entre os límites de distribución das alabardas e puñais cos dos demais motivos. O groso das estacións con armas consideradas (77%) se atopa dentro das fronteiras do que se pode considerar o núcleo principal de distribución das combinacións circulares e dos zoomorfos. Neste conxunto non incluímos as rochas de Deza, aínda que consideramos que tanto esta comarca coma o límite occidental da veciña de Arzúa-Ulloa se ten revelado nos últimos anos como un núcleo propio da arte rupestre, feito apoiado non só por unha cantidade de estacións que non tardará en superar o centenar, senón tamén porque existen áreas concretas nas que a densidade de gravados é semellante á de Campo Lameiro. Ademais moitas destas rochas teñen unha entidade propia como é o caso de P11, con medio centenar de combinacións circulares, Monte das Fontelas (Agolada) con máis de 30 ou Laxe Ferrada (Antas de Ulla) con un gran número de círculos, dous dos cales se aproximan ou superan os dous metros de diámetro.

Nin que dicir ten que aínda que existen rochas setentrionais como a de Pedra Ancha (Dumbría) que se atopan fora do marco estrito da arte rupestre, esta por si soa non ten a suficiente entidade como para servir de base sobre a que construír ningún tipo de distribución diferencial, sobre todo se temos en conta que nos últimos anos se teñen atopado combinacións circulares na comarca de Bergantiños que indican que a Costa da Morte non é un baleiro absoluto de arte rupestre.

En base ós datos que posuímos na actualidade, tan só se pode falar dunha clara distribución diferencial da arte rupestre figurativa (e tamén ate certo punto da abstracta) entre o occidente e o interior galego cuxa separación viría marcada pola Dorsal Galega. O que é dubidoso é que estes límites resulten operativos unicamente para o caso da arte rupestre dado que estas diferencias entre o L e o O da Dorsal tamén se poden observar na distinta composición e estilo dos enxovais (Criado e Fábregas, 1994:35) e da arte megalítica (Carrera, 2006:131), na distribución do sílex (Rodríguez et al.,E.P.) ou, ate certo punto, na da cerámica Penha (Gómez et al., 2001:23). Neste senso os grandes ríos –sobre todo o Miño, Ulla e Limia– terían xogado un certo papel como elemento de comunicación coas zonas do interior, sen que isto teña

necesariamente que implicar a navegación fluvial polos mesmos (Santos et al.,2007), a menos que admitamos que esta existe dende o último cuarto do V milenio, cando xa atopamos distribucións similares como a do devandito sílex.

Esta diferenciación entre interior e costa que se dá nos petroglifos coincide precisamente con boa parte dos fenómenos arqueolóxicos que poden ser datados no III e inicios do II milenio a.C., mentres que na Idade do Ferro esta separación ou ben se difumina (caso dos estilos cerámicos castrexos) ou ben se converte nunha máis neta entre o Norte e o Sur de Galicia, como pode verse no caso dos oppida, a plástica castrexa ou os torques e arracadas (Carballo e Fábregas, 2006: 73-84)

Varios autores (Vázquez Rozas,1997:107; Bradley,1998:244) teñen apuntado cara unha certa unidade da provincia artística galaica, tendo en conta que algún dos paneis de armas máis espectaculares e de maior complexidade, como Pedra Ancha, Monte da Laxe ou Auga da Laxe (e agora Coto das Laxas) se emprazan nos límites da distribución principal das estacións rupestres. Efectivamente, no momento presente semellan cumprirse estas circunstancias aínda que a investigación sobre a arte rupestre non está tan adiantada como para asegurar que os actuais son os límites definitivos da súa distribución, sendo moi posible que no futuro se estendan máis ó Norte e o Leste dos actuais. Véxase o caso das combinacións circulares para as cales, se aplicamos a mesma teoría, tamén observaríamos como as rochas de maior complexidade e con motivos de maior tamaño se sitúan nos extremos meridional (Monte Tetón, Tomiño) e oriental (Laxe Ferrada, Antas de Ulla) da principal zona de distribución, por máis que no territorio galego existen sen embargo paneis con combinacións circulares máis aló destas fronteiras.

SIGNIFICADO E CRONOLOXÍA DESTES MOTIVOS.

Moito se ten escrito xa sobre o significado das representacións de armas na arte rupestre galaica. Existe unha certa unanimidade entre os especialistas en canto á relación entre este tipo de gravados e actividades rituais vinculadas a grupos humanos de certa entidade para os cales a posesión destas armas e o prestixio tanto extrínseco como intrínseco das mesmas xogarían un papel de importancia na súa organización social. Por extensión, tamén se ten definido estas rochas como marcadores do territorio sobre o que estes grupos terían certos dereitos e autoridade. Neste senso, estes elementos funcionarían como sinais, quizais disuasorias, destinadas a transmitir certas mensaxes a posibles grupos competidores⁷. O feito de que as rochas con armas presenten unha ubicación privilexiada sobre as zonas de paso e de que, a diferenza do que ocorre con outros tipos de motivos, semelle existir un certo afán por facelas visibles ó camiñante grazas, principalmente, a selección de paneis cun alto grao de verticalidade, fai que a natureza como marcadores espaciais deste tipo de rochas sexa máis evidente que no caso dos zoomorfos ou das combinacións circulares.

En canto á súa cronoloxía, o feito de que as armas sexan practicamente os únicos elementos representados na arte rupestre cuxos referentes poden ser contextualizados arqueológicamente, as converteu nunha especie de fósil director co que tentar datar os paneis gravados nos que aparecen e, por extensión, o resto dos motivos propios da arte rupestre galaica como as combinacións circulares, coviñas e zoomorfos cos que indistintamente conviven. Por tal feito, os especialistas tentaron identificar con maior ou menor fortuna os correlatos metálicos dos modelos gravados, o que case nunca resulta doado debido ó nivel de esquematización dos mesmos.

Precisamente por este valor como referentes cronolóxicos, as representacións das armas son un dos principais campos de batalla entre os defensores do que ven en denominarse “cronoloxía curta” da arte rupestre fronte aqueles que propugnan unha maior duración deste fenómeno. Os primeiros tenden a restrinxir o momento álxido da actividade gravadora ás fases finais do Calcolítico e ós momentos iniciais da Idade do Bronce, é dicir, na transición entre o III e o II Milenios a.C (Peña e Rey,2001). Para elo se basean nos crecentes exemplos de asociación de moitas destas representacións con lugares de ocupación por parte de sociedades nesa etapa, do que temos un bo exemplo nos recentes achados nas inmediacións dos petroglifos de Paredes, en Campo Lameiro (Méndez,2008:42). Pola súa parte, os partidarios da cronoloxía longa defenden, ó igual que os anteriores, o inicio deste fenómeno na Idade do Bronce, para logo estendelo ate plena Idade do Ferro (S. VIII a IV a.C). Para ilo se basean nos resultados dunha escavación (Os Carballos,Campo Lameiro), na que se dataron unha serie

7 Para outros autores este tipo de representacións non terían relación cun grupo social ó completo senón con certos sectores do mesmo como grupos de guerreiros que vivirían de xeito marxinal (Vázquez Varela,2000:18).

de supostos momentos de ocupación que irían dende a transición do II ó I Milenio ós séculos VI-IV a.C. (Santos,2005), e na coincidencia formal de determinados elementos da arte rupestre galega cos de poboacións do Ferro europeas, como os escitas ou celtas (Santos et al.,2007) así como da arte rupestre de outros puntos de Europa con esa mesma cronoloxía.

E é que a demarcación duns límites cronolóxicos claros para este tipo de representacións resulta aínda máis difícil se se ten en conta a escaseza de prototipos “reais” debidamente contextualizados (Comendador,1997:119-123), o que torna difícil mesmo determinar a cronoloxía de aparición no territorio galego de algúns dos propios obxectos representados. Ademais, como dicíamos, aquelas armas gravadas nos paneis son precisamente as menos numerosas do rexistro arqueolóxico en comparación con machados ou puntas Palmela.

Por outro lado, o alto nivel de esquematización (con grandes modificacións de tamaño incluído) da maioría destes motivos imposibilita, na práctica, determinar con exactitude a identidade dos seus correlatos metálicos. En aqueles casos nos que existe unha relación de proximidade entre as representacións de armas e achados das mesmas, caso do depósito de Leiro (Rianxo) e o grupo de Foxa da Vella ou da cista de Antas (Rodeiro) e os propios conxuntos que estamos a estudar, a variabilidade existente entre os motivos representados (distintos tipos de puñais e diferencias substanciais entre as alabardas) e entre estes e os achados metálicos, non permiten establecer unha relación clara. As alabardas, sen embargo, poden dar máis facilidades: se ben os exemplares do Noroeste carecen de contextos ben definidos, os presumibles prototipos británicos semellan ter unha cronoloxía de aprox. 2200-2050 BC, mentres que no Argar a súa presenza nos enxovais se encadra entre o 2000 BC e o 1800 BC (Castro et al. 1993-1994; Schuhmacher 2002), período comunmente aceptado como cénit da arte rupestre galega por parte dos defensores da cronoloxía curta. As que se documentan nos paneis galegos se teñen asimilado tradicionalmente coas denominadas de “tipo Carrapatas”, que aparecen no contexto europeo entre finais do Calcolítico e principios do Bronce Inicial (Comendador,1997:123)⁸.

Os defensores dun carácter máis recente da arte rupestre critican a extensión da cronoloxía das alabardas e outras armas ó resto dos motivos, xa que os consideran pertencentes a dous grupos ou estilos diferentes con cronoloxía propia, un primeiro composto polo groso das armas, propio do Bronce Inicial, e outro de labirintos, escenas de monta e caza, paletas e boa parte das combinacións circulares (Santos,2005) que se estenderían ate a Idade do Ferro. Empregan dous tipos de argumentos:

En primeiro lugar consideran que a inclusión de armas e o resto de motivos nun só grupo implica unha concepción uniformadora, sincrónica e ate certo punto monolítica dos petroglifos, ó negarse unha posible diacronía na súa execución e “semantización”. Deste principio se desprende que un panel non tería por que ser froito necesariamente dun único momento de gravado, nin os motivos en el incluídos da mesma cronoloxía (p.e. alabardas e combinacións circulares). Esta circunstancia non é óbice, sen embargo, para que o estudio dun determinado petroglifo sexa abordado como se tivese existido un proxecto iconográfico ou significado profundo común a todos os seus episodios de gravado, analizando a distribución das figuras existentes dentro do mesmo como se foran froito da man dun só artista e non dun proceso aditivo que ben podería ter durado mil anos e durante o cal o fin e significado dos engadidos poderían ser diversos. O mesmo ocorre coa distribución das propias estacións dentro dun territorio concreto, que é analizado como se o seu emprazamento atendese a unha percepción e concepción únicas do espacio por parte das sociedades gravadoras (Santos,2004:153 e ss.)

O que podería ter suposto unha seria barreira metodolóxica que impediría ós investigadores a análise e interpretación en conxunto dun panel é superada a través da consideración da existencia dun certo “contínuum” nas estruturas simbólicas e culturais dos grupos humanos, as cales permanecerían basicamente inalteradas dende a emerxencia do fenómeno campaniforme ate momentos inmediatamente anteriores ó nacemento da cultura castrexa, é dicir, durante case 2000 anos (Santos,2004:34). Este principio se basea nunha concepción acumulativa de determinados fenómenos arqueolóxicos (dos cales a paisaxe sería un máis) pola que estes se equiparan, ate certo punto, coa lingua dun pobo. Ó igual que esta o simbolismo dun petroglifo muda e se deturpa no curso de procesos históricos de centos de anos de duración, coa aparición de novos termos e significados que se van sumando ós xa existentes sen que, sen embargo, o substrato orixinal

8 O feito de que algunha das alabardas representadas en Coto da Aspra pareza ter catro remaches podería relacionarse finalmente coa hipótese de que se tentaran reproducir alabardas de tipo argárico as cales si empregan en ocasións, a diferenza das tipo Carrapatas, sistemas de suxeición con ese número de engarces.

se vexa totalmente modificado. Este proceso pode ser deconstruído polo arqueólogo para acceder a dito substrato, que é susceptible de ser identificado a través de regularidades de tipo compositivo ou espacial identificables estadisticamente a partir do coñecemento previo, iso sí, do funcionamento das formacións sociais que participaron neste proceso (entendemos que a través de datos provintes de escavacións arqueolóxicas).

Parece evidente que o gravado de determinados paneis foi unha labor diacrónica, pero a pregunta é se a consideración deste como un proceso de longa duración é compatible coa defensa da existencia dunha sinonimia (ou única semantización) entre todas as figuras dun mesmo panel e do panel en sí dentro dun “sistema de estacións” (Santos,1999:105). Se, pola contra, se teñen producido cambios ou “resemantizacións” dos petroglifos, ¿estes seguen sendo susceptibles de ser analizados como se se trataran dunha unidade compositiva?. Por outra parte, se a partir do Bronce Medio e Final se producen cambios na “semantización” dos petroglifos e da paisaxe, estes son dificilmente identificables posto que apenas podemos coñecer o funcionamento das formacións sociais existentes neses períodos, dada a escaseza (senón ausencia) de datos arqueolóxicos e da diferente representatividade dos mesmos á hora de ser comparados con momentos anteriores e posteriores da Prehistoria Recente e Protohistoria.

Pola nosa parte, consideramos que esta pervivencia da concepción simbólica da arte rupestre e do espacio circundante só pode ser defendida no marco de procesos históricos de duración relativamente curta. Neste senso cremos que en vista do estado actual do coñecemento do rexistro material —esfera última e básica a partir da que se crea o saber arqueolóxico— tan só é posible defender a existencia dunha perduración tanto material como quizais dos ritos e crenzas entre os grupos de final do Calcolítico e inicios da Idade do Bronce e moi dificilmente máis alá⁹.

Un segundo argumento empregado por estes autores para reforzar a teoría dunha cronoloxía diferente entre boa parte das armas e o resto dos motivos se basea na suposta existencia dunha separación física entre eles, que son definidos como estilos diferentes en base a criterios formais e de frecuencia asociativa dos mesmos no marco dos paneis rupestres galegos (Santos, 2004:54). A asociación entre armas e demais elementos sería puramente testemuñal, a teor dos datos expostos por M. Santos (2006). Das 34 rochas con armas estudadas por este autor, en 20 (58,8 %) aparecerían en solitario e tan só en 10 (29,4%) o farían en compañía de combinacións circulares e zoomorfos¹⁰. Sen embargo, as cifras aportadas por outros autores distan bastante das anteriormente citadas. As estatísticas realizadas por Peña e Rey sobre 36 estacións (Figura 8. Cadro 1) indican que o número de rochas nas que só aparecen armas é un 52,78% fronte a un 47,22% nas que estas conviven con elementos propios da arte rupestre galaica (Peña e Rey,2001:174). No que se refire a frecuencia asociativa entre motivos, estes autores evidencian que, lonxe dos datos aportados por M. Santos, as armas aparecen en solitario tantas veces (19 - 48,72%) como xunto con combinacións circulares e zoomorfos.

Se optamos por empregar, os estudos de frecuencia asociativa realizados por Vázquez Rozas (2006) tampouco se observa —malia que os resultados distan bastante dos de Peña e Rey— esta aparente disociación entre as armas e o resto dos motivos. Así os puñais se asocian maioritariamente a coviñas, seguidos en segundo lugar de círculos concéntricos e alabardas (Figura 8, Cadro 2). Isto quere dicir que en porcentaxes absolutos os puñais aparecerían asociados a armas (alabardas e escutiformes) só nun 19,15% mentres que o farían nun 36,17% co resto dos motivos típicos. As alabardas (Figura 8, Cadro 3), pola súa banda, presentan unha maior tendencia a aparecer asociadas a puñais e escutiformes (42,86%) (Vázquez Rozas,2006:359) fronte a combinacións circulares (23,81%)¹¹. Estes resultados amosan como os

9 Nótese como esta continuidade entre Bronce Inicial e Final e máis para adiante non se sostén incluso se temos en conta outros estudos realizados tamén dende a Arqueoloxía da Paisaxe, por exemplo con base na cerámica, nos cales existe unha neta diferenza entre a “visibilidade” e variabilidade da cerámica de ambos períodos (Prieto,2001: 133 e seg.). Ademais esta diferenza é tamén estendida ós hábitats nos cales *“las diferencias entre el Bronce Inicial y el Bronce Final parecen bastante claras si analizamos los mismos aspectos” (ditos aspectos serían: emprazamento, organización interna e cerámica) (Ibidem, 10).*

10 Desta decena, o autor considera dubidosos tres paneis: Pedra das Ferraduras e as dúas estacións de Matabois. Non comprendemos por qué se realiza dita diferenciación no primeiro deles dado que, a pesar de ter unha morfoloxía distinta á de outros puñais da arte rupestre galega, o seu suco e nivel de erosión resultarían indiferenciables do resto das figuras polo que, aparentemente, terían unha antigüidade semellante. Tampouco compartimos a súa decisión de non ter en conta a alabarda da estación de Xan de Deus, tan semellante a algunha das representadas en Castriño de Conxo e outras estacións galegas.

11 O autor non recolle ningún caso de relación entre alabardas e zoomorfos (Vázquez Rozas,2006: 359). Preferimos non modificar os seus datos orixinais aínda que posteriores análises dunha das rochas que probablemente empregou para realizar este estudio, Foxa da Vella (Leiro, Rianxo), amosou a existencia dun zoomorfo no mesmo panel que varias alabardas.

puñais aparecen asociados claramente a outros motivos da arte rupestre. Por outra banda se evidencia unha forte relación entre alabardas e puñais polo que non semella posible defender unha cronoloxía diferente entre ambos motivos en base a unha distribución diferencial (Santos,2005)¹².

Tamén debemos ter en conta que a visión que actualmente posuímos dos paneis de arte rupestre é frecuentemente incompleta. Varios dos petroglifos con armas incluídos nas estadísticas que vimos de empregar ou ben só posúen calcos antigos ou ben nunca foron calcados ou analizados en profundidade, polo que é moi posible que non coñezamos a totalidade de motivos que se atopan nos seus paneis. Así o dicta ó menos a nosa experiencia na revisión de rochas catalogadas dende antigo: máis do 70% das mesmas viron incrementado o número de figuras. Un exemplo o temos nos petroglifos de Foxa da Vella e Os Mouchos (Rianxo), neste último foi posible descubrir un gran número de imaxes inéditas que, se non invalidan, alomenos matizan as teorías expostas por M. Santos acerca desta rocha (Santos,2004:108-109), entre eles tres novos antropomorfos que acompañan a un cuarto de case un metro de lonxitude coñecido dende hai anos¹³ (Novoa et al.,1999:57). No caso de Foxa da Vella, unha análise detallada nos permitiu descubrir a presenza de dous novos puñais ademais de unha segunda combinación circular, un zoomorfo e un serpentiforme. Outro caso que poderíamos citar é o de Espiñaredo I (Porto do Son), que se cría contiña tan só un puñal e que tras ser revisado acolle dous zoomorfos na mesma superficie, amén de un terceiro de considerables dimensións a escasos metros. Outras rochas previamente coñecidas pero incompletamente analizadas serían as de Espiñaredo II (a 150 metros do anterior e a 50 de Laxe da Sartaña), na cal se descubriu un puñal amén dunha “faca tipo Vilanova de San Pedro” e un posible idoliforme asociados todos eles a combinacións circulares e a máis de unha ducia de zoomorfos, ou Beira da Costa IV na cal se atoparon, nunha rocha de reducidas dimensións, dous puñais asociados a coviñas e zoomorfos (Fábregas et al., 2008).

Xa que logo, a suposta disociación entre armas e outros motivos da arte rupestre galaica resulta, cos datos empíricos, difícil de soste como ven de probar non só a revisión intensiva de vellos paneis, senón os achados producidos nos últimos anos. Así, se ós xa mencionados na comarca de Deza e a Península do Barbanza lles sumamos os de Outeiro do Corno (Teo, A Coruña) (Fábregas et al.,2004), Rego Lamoso e As Laxiñas (Carnota, A Coruña) (Cernadas,2007) –todos eles con armas convivindo con coviñas, combinacións circulares ou zoomorfos– veremos como as porcentaxes de asociación de motivos varían considerablemente. En conclusión, da decena de estacións atopadas na última década, en 7 aparecen as armas acompañadas por este tipo de motivos e, das restantes, dúas (P20 e P21) están a menos de 10 metros da mencionada P11, con máis de medio cento de combinacións circulares¹⁴.

Así, se sumamos as novas rochas ós recontos anteriormente citados atoparemos diferencias substanciais: no caso dos datos aportados por Peña e Rey, se reduce nun 7 % a porcentaxe relativa de rochas nas que as armas aparecen en solitario (ata un 45,65 %) mentres que aquelas rochas nas que se asocian a outros motivos (combinacións circulares e zoomorfos) sería dun 52,17 %. No que se refire a asociación entre motivos, a porcentaxe de correlación só entre armas e entre estas e, por exemplo, combinacións circulares acadaría valores moi semellantes (Figura 8, Cadro 1).

Tras a inclusión destes novos datos nas análises realizadas por Vázquez Rozas (Figura 8, Cadros 2 e 3), se observa como os puñais aparecen asociados maioritariamente con coviñas e círculos concéntricos, pasando as alabardas do segundo ó terceiro posto en número de correlacións, empatadas cos cérvidos. É dicir, os puñais aparecerían asociados maioritariamente con combinacións circulares (30 %) mentres que o farían en porcentaxes moi similares co conxunto de alabardas e escutiformes (15,71 %) e con zoomorfos (12,86 %). Tamén é de destacar o pulo dos idoliformes, que cuadruplican o número de rochas nos que aparecen asociados con armas. Pola súa parte, as alabardas seguen mantendo unha clara relación cos puñais mentres que se incrementa lixeiramente a existente cos distintos tipos de combinacións

12 Nen incluso tendo en conta a distinta tipoloxía dos puñais dado que tanto os modelos máis naturalistas como os máis esquemáticos aparecen acompañando ás alabardas.

13 E que o citado autor non ten en conta nas súas análises.

14 Recordemos que M. Santos advertía que “este tipo de representaciones, en muy raras ocasiones, se asocian a motivos del Estilo Atlántico” e “lo frecuente es que en el entorno inmediato de los petroglifos con armas no aparezcan rocas con motivos típicos del Estilo Atlántico” (Santos,2004:54)

FIGURA 8. Cadro 1. Táboa de frecuencia asociativa de armas e demais motivos da arte rupestre: datos de Peña e Rey (2001) e sumadas as novas estacións (2008). Cadro 2. Táboa de frecuencia asociativa de puñais e espadas cos demais motivos da arte rupestre: datos de Vázquez Rozas (2006) e sumadas as novas estacións (2008). Cadro 3. Táboa de frecuencia asociativa de alabardas cos demais motivos da arte rupestre: datos de Vázquez Rozas (2006) e sumadas as novas estacións (2008).

CADRO 1. PEÑA E REY (2001)				
MOTIVOS	2001		2008	
	TOTAL	%	TOTAL	%
SÓ ARMAS	19	48,72	21	35,59
ARMAS E CÍRCULOS	13	33,33	18	30,51
ARMAS E CÉRVIDOS	6	15,38	11	18,64
ARMAS E ANTROPOMORFOS	1	2,56	1	1,69
ARMAS E IDOLIFORMES	-	-	3	5,08
ARMAS E COVIÑAS	-	-	5	8,47
TOTAL	39	100,00	59	100,00

CADRO 2. PUÑAIS E ESPADAS (VÁZQUEZ ROZAS, 2006)				
MOTIVOS	2006		2008	
	TOTAL	%	TOTAL	%
COVIÑAS	11	23,40	16	22,86
CÍRCULOS CONCÉNTRICOS	7	14,89	10	14,29
ALABARDAS	7	14,89	9	12,86
CÍRCULOS	4	8,51	7	10,00
CÉRVIDOS	4	8,51	9	12,86
ANTROPOMORFOS	4	8,51	4	5,71
PEGADAS UNGULADAS	3	6,38	3	4,29
CÍRCULOS CONCÉNTRICOS CON RADIOS	2	4,26	4	5,71
LABIRINTOS E SIMILARES	2	4,26	2	2,86
ESCUTIFORMES	2	4,26	2	2,86
IDOLIFORMES	1	2,13	4	5,71
TOTAL	47	100,00	70	100,00

CADRO 3. ALABARDAS (VÁZQUEZ ROZAS, 2006)				
MOTIVOS	2006		2008	
	TOTAL	%	TOTAL	%
PUÑAIS E ESPADAS	7	33,33	9	33,33
COVIÑAS	4	19,05	5	18,52
CÍRCULOS CONCÉNTRICOS	2	9,52	3	11,11
CÍRCULOS CONCÉNTRICOS CON RADIOS	2	9,52	2	7,41
ANTROPOMORFOS	2	9,52	2	7,41
ESCUTIFORMES	2	9,52	2	7,41
CÍRCULOS	1	4,76	2	7,41
PALETAS	1	4,76	1	3,70
IDOLIFORMES	-	-	1	3,70
TOTAL	21	100,00	27	100,00

circulares¹⁵. Todos os datos manexados evidencian que non existe unha disociación entre armas e demais motivos da arte rupestre, é mais, a relación entre armas e combinacións circulares ou cérvidos é, en boa parte dos casos, porcentualmente equiparable ou netamente superior á existente entre as propias armas. Consecuentemente, non é posible defender unha diferente cronoloxía entre estes motivos en base a unha inexistente disociación. Por outra banda, a estreita relación entre alabardas e puñais contradí a separación insinuada por M. Santos (2005) debido a unha cronoloxía máis antiga das primeiras respecto de algún exemplar dos segundos. Finalmente, tampouco é posible defender unha cronoloxía recente das armas en base á asociación con motivos como laberintiformes ou paletas¹⁶, considerados tardíos (Idade do Ferro) por estes autores (Santos,2005) dado que, de facto, estas se constitúen como a categoría con menos relación porcentual con puñais e alabardas.

A modo de conclusións, é moi posible que nun futuro máis ou menos próximo a localización de novas representacións de armas vaia modificando nunha ou noutra dirección as porcentaxes que vimos manexando neste traballo. Feita dita salvidade, coidamos que polo de agora a disociación entre a devandita categoría de imaxes e o corpus principal de motivos encadrado no grupo galaico de arte rupestre non está acreditada empíricamente, nin respecto dunha ubicación diferencial das primeiras nos paneis nin pola súa distribución no territorio. Por outra parte, o coñecemento e rexistro do catálogo de insculturas semellan ser aínda insuficientes, á vista das apreciables diferencias que se observan no manexo dos datos por parte de diferentes autores¹⁷ e no feito de que apenas unha decena de estacións novas poda alterar de xeito apreciable o mapa de localización dos gravados de armas.

BIBLIOGRAFÍA:

- BRADLEY, R. (1998): "Invisible warriors – Galician weapon carvings in their Iberian context". R. Fábregas (ed.). *A Idade do Bronce en Galicia: Novas Perspectivas*. Sada, pp.243-258.
- BRADLEY, R.; CRIADO, F. e FÁBREGAS, R. (1994): "Rock art research as landscape archaeology: a pilot study in Galicia, north-west Spain". *World Archaeology*, 25.3, pp. 374-390.
- BRADLEY, R. e FÁBREGAS VALCARCE, R. (1999): "La ley de la frontera: grupos rupestres galaico y esquemático y prehistoria del Noroeste de la Península Ibérica". *Trabajos de Prehistoria*, 56/1, pp. 103-114.
- CARBALLO ARCEO, L.X. e FÁBREGAS VALCARCE, R. (2006): "Variacións rexionais nas sociedades pre e protohistóricas galaicas". R. Álvarez, F. Dubert e X. Sousa (eds.). *Lingua e Territorio*. Santiago de Compostela. pp. 67-92
- CARRERA RAMÍREZ, F. (2006): "Arte parietal en monumentos megalíticos del área noroccidental peninsular". F. Carrera Ramírez e R. Fábregas Valcarce (eds.) *Arte parietal megalítico en el noroeste peninsular. Conocimiento y Conservación*. Santiago de Compostela. pp. 61-151.
- CASTRO, P.V.; CHAPMAN, R.W.; GILI SURIÑACH, S.; LULL, V.; RIHUETE HERRADA, C.; RISCH, R. y SANAHUJA YLL, M.E.(1993-1994): "Tiempos sociales de los contextos funerarios argáricos". *Anales de Prehistoria y Arqueología*, 9-10. Murcia, Universidad, pp. 77-105.
- CERNADAS SANDE, J. (2007): *Gravados rupestres nos montes de Carnota*. Santa Comba.
- COMENDADOR REY, B. (1997): "Las representaciones de armas y sus correlatos metálicos". F.J. Costa Goberna e J.M. Hidalgo Cuñarro (Coord.) *Los motivos de fauna y armas en los grabados prehistóricos europeos*. Vigo, pp. 113-130.

15 As alabardas se relacionan nun 40,74 % con puñais e escutiformes, mentres que o fan nun 25,93 % con combinacións circulares.

16 Incluso a propia cronoloxía tardía destes motivos podería ser posta en dúbida se temos en conta que os labirintos e paletas se asocian maioritariamente con combinacións circulares e cérvidos mentres que apenas o fan con esceas de monta ou espirais (Vázquez Rozas,2006: 358-361), consideradas coetáneas por parte de M. Santos (2005) e as cales, a súa vez, tamén se relacionan preferencialmente con círculos e zoomorfos.

17 Véxase como a partir tamén de estudos estatísticos Vázquez Rozas vincula as combinacións circulares ó Bronce Inicial, separandoas estatisticamente das esceas de monta que él considera máis recentes (Vázquez Rozas,2006: 362) mentres que M. Santos defende a convivencia entre ambos motivos, que serían membros do mesmo estilo e pertencentes á Idade do Ferro (Santos,2004-2005).

- COMENDADOR REY, B. (1998): *Los inicios de la metalurgia en el Noroeste de la Península Ibérica*. Brigantium, 11. A Coruña.
- CRIADO BOADO, F. e FÁBREGAS VALCARCE, R. (1994): "Regional patterning among the megaliths of Galicia (NW Spain)", *Oxford Journal of Archaeology*, 13/1, pp. 33-47.
- FÁBREGAS VALCARCE, R.; GÓMEZ FERNÁNDEZ, A.; RODRÍGUEZ RELLÁN, C. e VILASECO VÁZQUEZ, X.I. (2004): "O megalitismo da comarca do Deza. Resultados e perspectivas", *Descubriendo: Anuario de estudos e investigación do Deza*, 6, pp. 41-54.
- FÁBREGAS VALCARCE, R.; RODRÍGUEZ RELLÁN, C. e RODRÍGUEZ ÁLVAREZ, E. (2008): "Naturaleza y distribución espacial de los grabados rupestres del Norte de la Península do Barbanza", *Espacio, Tiempo y Forma. Serie I. Prehistoria y Arqueología*, 18. Homenaje a E. Ripoll Perelló (en prensa).
- FÁBREGAS VALCARCE, R.; RODRÍGUEZ RELLÁN, C.; VILASECO VÁZQUEZ, X.I. e GÓMEZ FERNÁNDEZ, A. e RODRÍGUEZ ÁLVAREZ, E. (2005): "Descubertas de gravados rupestres na Comarca do Deza: Avance preliminar", *Descubriendo: Anuario de estudos e investigación do Deza*, 7, pp. 253-270.
- FÁBREGAS VALCARCE, R.; GUITIÁN CASTROMIL, J.; GUITIÁN RIVERA, X. e DE LA PEÑA SANTOS, A. (2004): "Petroglifo galaico con una representación de tipo Peña Tú", *Zephyrus*, 57, pp. 183-193.
- GÓMEZ FERNÁNDEZ, A.; FÁBREGAS VALCARCE, R. e PEÑA SANTOS, A. de la;. (2001): "Pasaron 20 años: las excavaciones del yacimiento de Lavapés (Cangas do Morrazo, Pontevedra)", *Boletín del Seminario de Estudios de Arte y Arqueología*, 67, pp. 9-27.
- MÉNDEZ FERNÁNDEZ, F. (2008): "Escavación arqueolóxica en área no ámbito espacial do Parque Rupestre, Campo Lameiro", *Actuacións Arqueolóxicas. Ano 2006*. Santiago de Compostela. pp. 42-43.
- NOVOA ÁLVAREZ, P.; COSTAS GOVERNA, F.J. e HIDALGO CUÑARRO, J.M. (1999): "Los grabados rupestres de las inmediaciones de "Praia das Cunchas" en Rianxo (A Coruña)", *Castrelos, revista do museo municipal "Quiñones de León"*, 12, pp. 47-66.
- PEÑA SANTOS, A. de la. e REY GARCÍA, J.M. (2001): *Petroglifos de Galicia*, Oleiros.
- PRIETO MARTÍNEZ, M.P. (2001): *La cultura material cerámica en la Prehistoria Reciente de Galicia: yacimientos al aire libre*. Traballos en Arqueoloxía da Paisaxe, 20.
- RODRÍGUEZ ÁLVAREZ, E.; RODRÍGUEZ RELLÁN, C. e FÁBREGAS VALCARCE, R. (2006): "Arqueoloxía de Coto Cornellal (Agolada): tránsito e apropiación simbólica dun espazo", *Descubriendo: Anuario de estudos e investigación do Deza*, 8, pp. 83-100.
- RODRÍGUEZ RELLÁN, C.; DE LOMBERA HERMIDA, A. e FÁBREGAS VALCARCE, R. (E.P.) "El sílex durante la prehistoria reciente del NO de la Península Ibérica". Actas do Workshop "*La Península ibérica al final de la Prehistoria. Las grandes láminas de sílex*", celebrado en Barcelona e Gavá o 9 e 10 de Xuño de 2008.
- RODRÍGUEZ RELLAN, C.; GORGOSO LÓPEZ, A. e FÁBREGAS VALCARCE, R. (2008): "O conxunto de petroglifos de Campo da Uz (Sta. María de Areas, Chantada) e as vías de tránsito cara o interior lucense", *Gallaecia*, 27, pp. 35-61.
- SANTOS ESTÉVEZ, M. (1999): "A arte e a construción dos territorios na Idade do Bronce en Galicia", *Gallaecia*, 18, pp. 103-118.
- SANTOS ESTÉVEZ, M. (2004): *Arte rupestre: Estilo y Construcción social del espacio en el Noroeste de la Península Ibérica*. Tese de Doutoramento presentada na Facultade de Filosofía da Universidade de Santiago de Compostela.

- SANTOS ESTÉVEZ, M. (2005): "Sobre la cronología del arte rupestre atlántico en Galicia", *Arqueoweb* (Revista Electrónica), 7(2), sept./dic. 2005. http://www.ucm.es/info/arqueoweb/numero7_2/conjunto7_2.htm
- SANTOS ESTÉVEZ, M.(2006): "Respuesta a la réplica presentada por Costas Goberna, Fábregas Valcarce, Guitián Castromil, Guitián Rivera y De la Peña Santos aparecida en el foro con fecha 20/01/06" *Arqueoweb* (Revista Electrónica), 8(1), abril 2006. http://www.ucm.es/info/arqueoweb/numero8_1/conjunto8_1.htm
- SANTOS ESTÉVEZ, M.; GARCÍA QUINTELA, M. e PARCERO OUBIÑA,C. (2007) "Un programa de investigación para el arte rupestre en Galicia (nueva respuesta a la réplica presentada por F. J. Costas Goberna, R. Fábregas Valcarce, J. Guitián Castromil, X. Guitián Rivera y A. de la Peña Santos en el número 8[1])" *Arqueoweb* 8(2), (enero 2007). http://www.ucm.es/info/arqueoweb/numero8_2/conjunto8_2.htm
- SCHUHMACHER,T.X.(2002): "Some remarks on the origin and chronology of halberds in Europe". *Oxford Journal of Archaeology*, 21, n.3. Oxford,
- SOBRINO LORENZO-RUZA,R. e MARTÍNEZ LÓPEZ, J. (1957): "Petroglifos de la comarca de Lalín". *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 12, pp. 29-52.
- VÁZQUEZ ROZAS, R. (1997): *Petroglifos de las Rías Baixas Gallegas: análisis artístico de un arte prehistórico*. Pontevedra, pp. 20-25.
- VÁZQUEZ ROZAS, R. (2006): "Aproximación estadística a los petroglifos gallegos", *Minius*, XIV, pp. 349-364.
- VÁZQUEZ VARELA, J.M. (2000): "Significados y funciones de los grabados rupestres prehistóricos de armas metálicas en el Noroeste de la Península Ibérica", *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 47/113, pp. 9-25.